

NADAL



O deus Xano.

Ianus, Xano, era o deus das dúas caras. Representábase tamén cunha chave nunha man e na outra un bastón: a chave abre as portas e o bastón escorrenta as visitas non desexadas; eran os atributos de todo porteiro. A palabra Ianus estaba ligada a “ianua”, porta, e de aí provén a nosa palabra “jamba”, “xamba”.

Fíxate na ilustración da dereita; procede do Calendario do labrego, pintado non mosteiro de San Isidoro de León e correspode ao mes de xaneiro.

- ✓ Que che lembra o nome deste mes? E o personaxe central? Que les? Fíxate que abre unha porta e pecha outra: que simbolizará?

Cómo felicitaban o ano os romanos.

Vindolandia foi unha cidade que naceu ao pé do Muro de Adriano, na Gran Bretaña. Nas escavacións atoparon un “basureiro” excepcionalmente ben conservado que aportou documentos e restos da vida cotiá que non son frecuentes. Velaquí temos unha breve carta para felicitar o ano novo dun tal Hostilius Flavianus a un amigo seu chamado Cerialis:

“Hostilius Flavianus Cereali suo

Hostilio Flaviano a seu amigo Cereal.

salutem annum novum

Deséxoche un ano novo

faustum felicem tibi precor.”

próspero e feliz.

- ✓ Felicita agora ti o ano novo a alguén; fíxate que o teu nome debe ir en nominativo e o da persoa a que felicitas en dativo (se é unha muller debes cambiar “suo” por “suae”).

Os romanos ademais de felicitar-se o ano intercambiaban regalos. Le o seguinte texto no que o poeta Ovidio mantén un diálogo co deus Xano:

“Que queren significar os dátiles, os figos pasos e o mel que se ofrece nunha nívea xerra?”.

“Os presaxios son a explicación –díxome- fanse coa fin de que aquel sabor vaia detrás dos acontecementos, e un ano dóce prosiga o camiño emprendido”.

“Xa vexo por qué se ofrecen cousas doces; pero, para que ningunha particularidade da túa festa se me escape, explícame por qué se regalan moedas”. El botouse a rir e dixo:

“Que pouco coñeces o teu século cando cres que o mel resulta máis dóce ca unha moeda que se recibe”.

- ✓ Lembra o que sabes ou investiga en qué consiste a maxia simpática e explica así o regalo do mel os dátiles e os figos pasos.
- ✓ No caso das moedas, cres que pode ter a mesma explicación ou que se pode tratar nun regalo máis útil?
- ✓ Este tipo de regalos de fin de ano/ano novo recibían en latín o nome de “strenae”. Con que palabra da túa lingua a relacionas? Que pode ter que ver?

Le agora esta adaptación doutro texto de Ovidio:

“O ano que comeza ligueino aos traballos que deben realizarse para que o ano enteiro non sexa preguiceiro por un auspicio de preguiza. Por iso mesmo cada un estrea o ano realizando algo e simplemente testemuña o seu oficio habitual.”

- ✓ Traballaban os romanos o día de ano novo? Por que?

Saturnais

Pero o noso Nadal e festa de fin de ano mestura tamén outras tradicións antigas, algunhas delas celebradas no mundo romano, pero que seguramente viñan de épocas anteriores.



Investiga sobre as Saturnalias. (Se non podes facelo, sírverte destes estratos sacados dunha coñecida “enciclopedia” dixital:)

*“As **Saturnais** eran unha importante festividade romana, que tamén se chegou a denominar “festa dos escravos”, xa que nas mesmas, os escravos recibían racións extras, tempo libre e outras prebendas. Se se permite a comparación, os Saturnais viñan sendo como un **Nadal e Carnaval** a un mesmo tempo e o cristianismo da antigüidade tardía tivo fortes problemas para acabar con esta festa pagá, intentando substituíla. As saturnais celebrábanse por dous motivos que agora mencionamos: Nas datas a comezo de anos en honor ao deus Saturno. Ao triunfo dun vitorioso xeneral (festa do triunfo). As primeiras celebrábanse do 17 ao 23 de decembro en honor a Saturno, Deus da agricultura, á luz de velas e fachóns, celebrábase o fin do período máis escuro do ano e o nacemento do novo período de luz, ou nacemento do Sol Invictus, coincidindo coa entrada do Sol no signo de Capricornio (solsticio de Inverno). Probablemente as saturnais fosen a festa da finalización dos traballos do campo, celebrada trala conclusión da sementeira de inverno, cando o ritmo das estacións lles deixaba a toda a familia campesiña, incluídos os escravos domésticos, tempo para descansar do esforzo cotián.*

Celebrábanse durante sete días de buliciosas diversións, banquetes e intercambio de agasallos. As festas comezaban cun sacrificio no templo de Saturno (en principio o deus máis importante para os romanos ata ser substituído por Xúpiter), ao pé do outeiro do Capitolio, a zona máis sagrada de Roma, seguido dun banquete público ao que estaba invitado todo o mundo. Os romanos asociaban Saturno co deus prehelénico Cronos, que estivo en activo durante a idade de ouro da terra. Durante as festas saturnais, os escravos eran frecuentemente liberados das súas obrigacións e os seus papeis cambiados cos dos seus donos.

*Posteriormente, o nacemento do Sol e o seu novo período de luz foron substituídos polo nacemento do verdadeiro señor para a Igrexa: Xesús de Nazaret. E gradualmente os costumes pagáns pasaron ao Día de **Ano Novo**, sendo asimiladas finalmente pola festa cristiá que hoxe en día se coñece universalmente como **O Día do Nadal**.*

Pero podes visitar algún blog que trate sobre o tema. Aquí tes un estrato do blog <http://caliopeausiasmanises.blogspot.com>:

“En el núcleo familiar, las celebraciones eran más relajadas, pues se intercambiaban regalos; a los hijos se les regalaban muñecos de barro (sigilla) y a los amigos velas (cerei). Durante estos días las familias se reunían y comían todas juntas, principalmente un dulce de miel y frutos secos que llevaba un obsequio en su interior (haba seca), el que lo encontraba era coronado como princeps Saturnalicus y sus órdenes debían de ser cumplidas.”

- ✓ Cita polo menos tres características comúns entre as Saturnalias e as nosas Festas de Navideñas.
- ✓ Se queres afondar máis sobre a historia do Nadal podes ver este vídeo, pero ollo! Coma moitas cousas que circulan por internet é susceptible de ser cuestionada, amén de ter uns subtítulos cheos de faltas de ortografía: http://www.youtube.com/watch?v=vy-de_Fq8V8
- ✓ Para rematar, podes investigar sobre a figura de papá Noel ou Santa Claus, Ἀγίος Νικολάος.

Agora, propoñémosche un canto de Nadal en latín: *Adeste, fideles (vide fieis)*. Sabías que este canto atribúese ao rei Xoán IV de Portugal e que por iso se coñece tamén coma o himno portugués?

Adeste Fideles

Latin 18th Century

JOHN F. WADE



A — des — te, fi — del — es, Lae — ti trium — phan — tes, Ven —
Can — tet nunc hym — nos Cho — rus ang — el — or — um; Can —
Er — go qui na — tus di — e ho — di — er — na Ie —

Latín

Traducción

Adéste fidéles laeti triumphántes	(Vide fieis todos, alegres e triunfantes)
Veníte, veníte in Bétlehem	(Vide, vide a Belém)
Natum vidéte, Regem angelórum	(Contemlade o nacido, Rei dos anxos)
Veníte adorémus, veníte adorémus	(Vide e adoremos, vide e adoremos)
Veníte adorémus Dóminum.	(Vide eadoremos o Señor).

Bona Saturnalia omnibus !



